

INFORME

ASUNTO: Informe sobre o proceso de negociación das ofertas presentadas para o subministro de 3 autobuses para a flota de transporte urbano, financiado con fondos comunitarios FEDER (dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2012, eixe 4, tema prioritario 52 e actuación 1). CON/38/2011

Presentouse a mesa de contratación o informe técnico sobre a documentación do sobre A das ofertas para o subministro de 3 autobuses para a flota do transporte urbano das empresas (Iveco España, SL, MAN Truck & Bus Iberia, SA Unipersonal, Talleres La Campiña, SL e Volvo España, SAU). As empresas Iveco España, SL e Volvo España, SAU son excluídas do proceso por non cumprir, os buses subministrados, cos requisitos establecidos no prego técnico polo que se inicia o proceso de negociación coas empresas MAN Truck & Bus Iberia, SA Unipersonal e Talleres La Campiña, SL.

Segundo establece o prego de cláusulas administrativas a negociación deberá versar sobre os seguintes puntos:

- Oferta técnica
- Oferta económica
- Garantías
- Redución do prazo

A mesa decide negociar en base a oferta económica, garantías e redución do prazo xa que a oferta técnica presentada polos licitadores, segundo informe técnico, cumpre cos requisitos establecidos no prego de condicións e trátase dun parámetro non modificable ao tratarse de vehículos de fabricación en serie.

En base a o indicado, no referente a oferta técnica das empresas, remitímonos ao sinalado no informe presentado o día 20 de agosto a mesa de contratación.

Unha vez levado a cabo o proceso de negociación, as ofertas son modificadas, das empresas son:

MAN TRUCK & BUS IBERIA, SA Unipersonal

No referente á garantía remítese o contido da oferta presentada.

No referente ao prazo de entrega remítese ao contido da oferta presentada.

En canto ao prezo asume unha rebaixa de 12.482,23 €, con que o prezo final ofertado será de 495.867,77 €.

TALLERES LA CAMPIÑA, SL

No referente á garantía remítese o contido da oferta presentada.

No referente ao prazo de entrega remítese ao contido da oferta presentada.

En canto ao prezo asume unha rebaixa de 11.081,39 €, con que o prezo final ofertado será de 495.867,77 €.

As principais diferencias entre estas dúas ofertas, en función deste informe e do presentado a mesa de contratación o día 20 de agosto de 2012, está no prazo (Talleres La Campiña, SL presenta un prazo de 20 días hábiles mentres que MAN entrega os vehículos na primeira quincena de decembro) e na garantía (Talleres La Campiña, SL presenta unha garantía de 3 anos sen límite de quilómetros para o motor e de 12 anos para a estrutura mentres que MAN a presenta de 3 anos con 300.000 quilómetros de límite para o motor e de 5 anos para a estrutura).

En base a o mencionado nos dous informes sinalados, a mesa de contratación considera que a oferta economicamente máis vantaxosa, no seu conxunto, é a de **TALLERES LA CAMPIÑA, SL**.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2012



O DIRECTOR XERENTE,

Asdo./José Ramon Mosquera Ferreiro

INFORME

ASUNTO: Informe sobre a documentación do sobre nº A, das ofertas presentadas para o subministro de 3 autobuses para a flota de transporte urbano, financiado con fondos comunitarios FEDER (dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2012, eixe 4, tema prioritario 52 e actuación 1). CON/38/2011

As empresas que se presentaron ao proceso e que polo tanto son obxecto de valoración son as seguintes:

- IVECO ESPAÑA, SL
- MAN TRUCK & BUS IBERIA, SA Unipersonal
- TALLERES LA CAMPIÑA, SL
- VOLVO ESPAÑA, SAU

Antes de analizar e valorar cada unha das ofertas presentadas obsérvase que no prego de condicións técnicas están fixadas unha serie de características que deben cumprir os buses subministrados polo que se procede a comprobar se as ofertas cumpren ditos requisitos. As mencionadas características son:

- Vehículo de motor térmico diésel Euro 5 (páxina 1 do prego)
- Unha lonxitude máxima de 10 a 12 metros (páxina 1)
- A anchura non superará os 2,55 metros (páxina 1)
- Altura máxima, incluíndo aire acondicionado, de 3.1 metros (páxina 1)
- Altura máxima do piso sobre o chan non será superior a 350 mm na porta dianteira (páxina 1)
- Altura máxima do piso sobre o chan non será superior a 350 mm na porta traseira (páxina 1)
- O radio de xiro exterior será igual ou inferior a 9 metros (páxina 1)
- Capacidade mínima de 65 pasaxeiros (paxina 1)

- Capacidade mínima para 25 asentos normais (páxina 1)
- Espazo reservado para a localización de cadeira de rodas (páxina 1)
- Rampla de tipo mecánico para o acceso de persoas en cadeira de rodas (páxina 1)
- Sistema de sensibilidade en portas (páxina 1)
- Posibilidade de bloqueo dunha das follas da porta dianteira (páxina 1)
- Cumprir o disposto no anexo VII da Directiva 2001/85/CE (páxina 1)
- Levar aire acondicionado e calefacción (páxina 1)
- Posibilidade de acoplamento de SAE e sistemas de pago (páxina 1)
- Preinstalación de radio con 2 altofalantes en ombreira (habitáculo do condutor) máis 8 colocados entre ambos lados interiores (páxina 8)
- Dous parasoles enrollables en parabrisas dianteiro (páxina 9)
- Parasol enrollable na ventá lateral do condutor (páxina 9)
- Volante con regulación de inclinación e altura (páxina 9)
- Mesa de cobro con caixoneira con pechadura (páxina 9)
- Compromiso de plan de formación sobre funcionamento e reparación de diversos compoñentes dos vehículos. (páxina 12)

Debido ao gran número de requisitos indispensables que teñen que cumprir, en primeiro lugar analízase se cada unha das ofertas presentadas cumpre con ditos requisitos ou non, encontrando que as seguintes empresas non cumpren cos requisitos mínimos fixados polo prego técnico:

IVECO ESPAÑA, SL

As características que non cumpre, de acordo cos mínimos establecidos no prego son:

- Altura máxima, incluíndo aire acondicionado, é de 3,210 metros, superando o límite establecido no prego de condicións que a fixa en 3.1 metros.
- O radio de xiro exterior é de 9,400 metros, superando o límite fixado no prego.

En base ao indicado, a empresa IVECO ESPAÑA, SL debería quedar excluída do proceso.

MAN TRUCK & BUS IBERIA, SA Unipersonal

Cumpre coas características mínimas establecidas no prego de condicións técnicas.

TALLERES LA CAMPIÑA, SL

Cumpre coas características mínimas establecidas no prego de condicións técnicas.

VOLVO ESPAÑA, SAU

Non cumpre os seguintes requisitos mínimos establecidos polo prego técnico:

- O radio de xiro é de 9,435, superando o máximo establecido no prego de condicións (9 metros).

En base ao indicado, as empresas Iveco España, SL e Volvo España, SAU deben quedar excluídas do procesos, seguindo o mesmo coas empresas Man Truck & Bus Iberia, SA Unipersonal e Talleres La Campiña, SL.

A continuación preséntase o estudo das ofertas das dúas empresas que cumpren o prego de condicións técnicas.

MAN TRUCK & BUS IBERIA, SA

A oferta técnica presentada por esta empresa é a seguinte:

DATOS XERAIS DO VEHÍCULO

- **Lonxitude total:** 10,700 metros
- **Anchura total:** 2,55 metros
- **Altura máxima:** 3,100 metros
- **Voladizo anterior:** 2,560 metros
- **Voladizo posterior:** 3,365 metros
- **Ancho de vía anterior:** 2,108 metros
- **Ancho de vía posterior:** 1,822 metros
- **Distancia entre eixes:** 4,395 metros

- **Peso máximo autorizado en orde de marcha:** 19.000 kg
- **Tara:** Só figura a tara do chasis que é de 6,786 kg. A tara do vehículos carrozado non figura na oferta presentada.
- **Velocidade e pendentos superables en carga máxima:** Capacidade de superar as pendentos existentes na cidade de Santiago de Compostela sen ningún tipo de problema.

CADENA CINEMÁTICA E CONXUNTOS

Datos do motor térmico

- **Marca e modelo:** MAN D2066LUH 32
- **Combustible:** Diésel
- **Sistema de aspiración:** sobrealimentada con turbo e intercooler
- **Cilindrada e nº de cilindros:** 10.518 cc e 6 cilindros
- **Posición dos mesmos:** en liña
- **Relación de compresión:** 17:1
- **Potencia máxima:** 235 kw (320 CV) a 1.900 rpm
- **Par máximo e nº de RPM:** 1.600 Nm a 1.100 – 1.400 rpm
- **Nº de correas e tipo:** dúas tipo Poly V Belt

Sistemas de alimentación e escape

- **Marca e tipo de sistema de inxección:** diésel common-rail
- **Porcentaxe de biocombustibles admitido:** Ata un 100%

Sistemas de refrixeración

- **Radiador:** situado na parte traseira dereita
- **Accionamento do ventilador:** regulado termostáticamente e accionado hidroestáticamente. Leva un indicador de perda de refrixerante no taboleiro de instrumentos.

- **Capacidade do circuíto de refrixeración:** 29,50 litros sen calefacción (só chasis)

Eixe dianteiro e equipo de dirección

- **Descrición do eixe dianteiro e conxuntos que monta:** Eixe ríxido de piso baixo Man VOK-07-B-09, con barra estabilizadora e articulacións libres de mantemento.
- **Equipo de dirección (marca e tipo de servodirección, relación de transmisión, variacións de axunte en inclinación e altura):** Tipo ZF8098 cunha desmultiplicación (variábel) de 17-20:1
- **Ángulos de viraxe de rodas, caída, avance, paralelismo e converxencia:** A roda interior 52º e a roda exterior 35,5º
- **Diámetro de volante e dirección:** volante de catro radios cun diámetro de 450 mm e 4,8 voltas para o tope.
- **Radio de xiro exterior:** 8,828 metros
- **Radio de xiro interior:** 3,335 metros

Ponte posterior e grupo diferencial

- **Marca e tipo de eixe:** Eixe pórtico MAN-ZF, tipo HY.1336-B08, con diferencial desprazado a esquerda e exento de mantemento
- **Redución grupo cónico:** Desmultiplicación $i=5,57$
- **Redución cubos de roda:** Sen redución nos cubos de roda ao ser un eixe traseiro tipo hipoide
- **Potencia tractora útil en eixe traseiro:** Non figura na súa oferta

Rodas

- **Diámetro:** 275/70 R22,5 tipo urbano
- **Nº de unidades:** 6 unidades
- **Tipo de llantas:** llantas de aceiro de disco de 7,5 x 22,5
- **Descrición, tornillos:** 10 tornillos por roda

Sistema de suspensión

- **Tipo:** Suspensión neumática mediante fuelles arrollabeis iguais para todos os eixes. Amortiguadores con capacidade de amortiguación variábel en función do percorrido
- **Eixe dianteiro:** 2 fuelles, 2 amortiguadores e 1 sensor de percorrido
- **Eixe traseiro:** 4 fuelles, 4 amortiguadores e 1 sensor de percorrido
- **Sistemas de regulación:** Regulación electrónica ECAS, capaz de manter a altura do vehículo independentemente da carga

Produción neumática do vehículo

- **Marca e tipo do compresor (capacidade, caudal, presión de servizo, accionamento e refrixeración):** compresor de aire bicilíndrico de 722 cc, con culata refrixerada por auga e accionamento por engranaxes, presión de 10 bar. No caso do caudal indica que segundo gráfica adxunta para o compresor da marca Knorr pero non figura dita gráfica
- **Nº de calderíns de reserva:** Sinala as características dos calderíns (tratamento anticorrosivo no interior e exterior , con válvulas de desaugue manuais pero non indica o nº.
- **Detalle de circuítos neumáticos (presión, calidades de conducións, sistemas de purga, estanquidade e ausencia de fugas, gradientes de perdas, válvulas, etc.):** As tuberías neumáticas son de plástico excepto no motor que son de aceiro inoxidable. Presenta un secador de aire calefactado, cunha cámara, con regulador de presión integrado. Leva un filtro de aire seco con indicador de presión e preseparator.
- **Prestación de servizos. Descrición detallada dos mesmos:** As súas prestacións figuran no sistema de freos e no sistema de suspensión. Inclúese a función kneeling no dado dereito do vehículo; o sistema neumático fai descender o vehículo 80 mm para facilitar o acceso ao mesmo.

Freos

- **Freo de servizo:** Sistema de freos neumático de dous circuítos (eixe dianteiro e eixe traseiro).

- **Eixe dianteiro:** Freos de disco ventilados accionados por cilindros de mebrana.
- **Eixe traseiro:** Freos de disco ventilados accionados por cilindros combinados.
- **Parada ou estacionamento:** Activación mediante válvula manual, con dispositivo de desbloqueo en caso de emerxencia e alimentación neumática de emerxencia.
- **Sistema de xestión de freos:** Regulación electrónica EBS, que integra os sistemas: de antibloqueo, de freos ABS e o sistema de control de perda de tracción ASR.

Sistema de lubricación en xeral

- **Descrición do sistema (circuitos e puntos de engraxe):** Lubricación por circulación a presión mediante bomba de engraxes. Sistema de refrixeración de aceite integrado no sistema de lubricación do motor.
- **Lubricación por engraxe centralizado no seu caso:** Non contemplado na oferta

Xenerador

- **Características técnicas:** Neste apartado presenta as características que figuran posteriormente non presentando nada a maiores do que figura a continuación
- **Tensión:** 28,5 V
- **Potencia e par motor:** Dous alternadores de corrente trifásica de 28,5 V e 120 A
- **Sistema de refrixeración:** Refrixerado por aire
- **Sistema de regulación:** A través do ordenador central de a bordo ZBR
- **Sistema automático de posta en marcha:** Xestionado polo ordenador de a bordo ZBR
- **Proteccións:** Desconexión mediante interruptor de emerxencia de baterías e motor. A desconexión de baterías realizase mediante un separador mecánico de polo negativo.

Equipo eléctrico do vehículo

- **Nº de baterías:** 2 baterías de baixo rendemento de 12 v/225 A
- **Tensión:** 24 voltios.
- **Nº de alternadores e potencia dos mesmos:** dous alternadores de corrente trifásica de 28,5 v e 120 A.
- **Motor de arranque. Potencia:** Mando do arranque mediante chave na columna de dirección de 5,4 kw.
- **Esquema xeral de circuítos eléctricos:** Presenta unha estrutura eléctrica TEPS que consiste nun sistema formado por módulos electrónicos que controlan as funcións dunha área do vehículo. Estes módulos están distribuídos polo vehículo e conectados entre si mediante unha soa parella de cables capaces de transmitir grandes cantidades de ordes e datos dixitalizados.

Agresividade medioambiental. Emisións contaminantes

Emisións conforme a normativa Euro 5, dispón de recirculación externa de gases EGR e filtro de partículas PM-KATR sen mantemento.

Calidade e servizo ao usuario

- **Mínima altura de estribos, peldañoado e desnivel total do piso interior á calzada (planos de detalle de estribos, pasillos e plataformas do vehículo carrozado):** Presenta unha altura de 340 mm de altura do estribo e non figura o resto de medidas.
- **Amplitude de pasos de portas de viaxeiros:** Non figura na oferta
- **Altura interior libre e rede de asideiros para usuarios (de entrada e saída):** Presenta asideros nas portas

CARROZARÍA E OS SEÚS COMPOÑENTES

Estrutura

- **Descrición da estrutura (planos de detalle):** Só figura a descrición da estrutura do chasis e non figura nin descrición da estrutura da carrozaría nin plano de detalle da mesma.

- **Calidades estruturais (perfís, tratamentos, etc.):** Estrutura de perfís principais de aceiro laminado calidade A-42B.
- **Execución de estruturas e supervisión do proceso:** Non figura na oferta presentada: Non figura na oferta presentada

Carrozado

- **Dimensións e peso do vehículo carrozado e avituallado, con homologación do número de viaxeiros sentados e de pé:** Só presenta as medidas que figuran na descrición xerais do vehículo.
- **Revestimento exterior (materiais empregados en chapas de aceiro ou fibra, sistemas de tensado e unión, soldadura, remachado, etc.) con planos de detalle de paneis de parámetros:** Cuberta da prancha exterior de costados en aceiro galvanizado e do teito en poliéster. Parachoques dianteiro, traseiro e pasos de roda en poliéster reforzado. Frontal desmontable en tres pezas independentes.
- **Revestimento interior (materiais empregados en teito, paredes e piso):** Non figura na oferta presentada.

Rexistro de accesos e conxuntos (trampillas)

- **Número, disposición e emprazamento de rexistros interiores e exteriores de acceso a órganos mecánicos, eléctricos ou de inspección:** Trampillas interiores e exteriores de fácil acceso a mecanismos. Porta de acceso ao motor en aluminio con amortiguadores telescópicos.

Illamentos

- **Illamentos de estrutura:** Non figura na oferta.
- **Descrición de illamentos térmicos e acústicos empregados no carrozado para eliminación de perturbacións aos viaxeiros:** Taboleiro Schauman insonorizante de baixa densidade. Illamento xeral interior de teito e costados con aluminio pintado. Illamento acústico do compartimento do motor, o armazón das portas laterais e piso na zona dende o compartimento do motor ao eixe traseiro; illamento térmico/acústico do teito con poliuretano expandido. Costados en poliuretano de lámina ríxida.

Portas

- **Descrición e detalle do sistema de portas (planos):** Porta dianteira basculante de dúas follas tipo Masats e central de dúas follas tipo alemán, tamén Masats.
- **Sistema de acionamento e a súa fiabilidade (tempos de apertura e peche):** Acionamento eléctrico. Non figura tempos de apertura.
- **Sistemas de seguridade e opcionais de reconto de viaxeiros asociados ás portas de acceso e saída:** Sensibilización nas portas, bloqueo do vehículo con portas abertas e bloqueo de portas co vehículo en marcha. Non presenta ningún tipo de reconto de viaxeiros asociado
- **Deseño e colocación de barras de apoio ao acceso e descenso:** Leva barras nas portas.

Ventás

- **Número, apertura de lunas de seguridade en ventás de viaxeiros (planos) e forma de acoplamento á carrozaría:** Dúas ventás abatibles a cada costado.
- **Parabrisas (vidros de seguridade, anirreflexivos, inastilabeis, antideslumbrantes, tintados de protección antisolar, etc.):** Cristais en parsol gris pegadas.
- **Sistemas de pasasol en frontal e lateral do posto do condutor:** Parasol dianteiro e lateral no posto do condutor.
- **Luna posterior:** Non figura na oferta

Saídas de socorro

- **Sistema de evacuación en caso de emerxencia, número, tipo e identificación de saídas de socorro:** Na oferta só figura que son instaladas segundo Regulamento 36.
- **Accionamento e situación interior e exterior de mandos de apertura de emerxencia:** Non figura na oferta

Disposición interior e confort de servizo

- **Descrición e planos de detalle do piso en estribos, pasillo, plataformas e zonas de asentos (pendentes, alturas, seccións, etc.) e reparto ideal de asentos de acordo coa normativa vixente:** Non figura na oferta presentada.
- **Altura interior libre en pasillos, plataformas e sobre asentos de viaxeiros:** Non figura na oferta presentada.
- **Rede de asideiros do vehículo (planos de situación e modelos):** Barras e collemáns no teito de aceiro rilsanizado.
- **Timbres avisadores de “parada solicitada”:** Avisador acústico e óptico con rótulo de parada solicitada conectado a pulsadores de timbre.
- **Antideslizamento do piso e estabilidade dos viaxeiros de pé (curvas, freazos, etc.):** recubrimento en lámina antideslizante “TARABUS”.
- **Absorción de vibracións e ruídos:** Non figura na oferta
- **Reposapés en asentos sobre pasos de roda e mampara cortaventos:** Non figura na oferta
- **Sistema de exposición de avisos ao público (tarifas, advertencias, mensaxes diversos, etc.):** Non figura na oferta
- **Rede de visibilidade cara ao interior e cara ao exterior, combiacións de espellos retrovisores (opcionalidade de sistemas de captación de imaxes en porta de saída):** Presentan dous espellos exteriores eléctricos e calefactados e espellos (non indica o número) interiores permitindo una óptima rede de visibilidade.

Preinstalacións

- **Sistema de cancelación magnética: Baliza, expendedora, canceladora, caixa de conexións, cadro de protección, etc.:** Prevista na oferta presentada
- **Sistema de Axuda á Explotación (SAE):** Prevista na oferta presentada
- **Habitáculo necesario para a colocación de compoñentes do SAE:** Previsto na oferta presentada

- **Preinstalación de radio con 2 altofalantes en ombreira (habitáculo do conductor) máis 8 colocados entre ambos lados interiores:** Preinstalación de 2 altofalantes en ombreira e 8 entre ambos lados para os pasaxeiros

Rótulos exteriores de indicación de liñas

Rótulos HANOVER de LED dianteiro, traseiro e lateral (o lateral e o traseiro para número de tres díxitos).

Pintura exterior

Pintado en cores estándar do cliente

Posto de conducción

- **Antivaho:** Presenta na oferta pero non indica características.
- **Parasoles e cortinas:** Leva parasol dianteiro e lateral
- **Asento do condutor:** Asento neumático GRAMER MSG90.3. Non presenta características.
- **Ergonomía:** Non figura
- **Protección do condutor:** Cerre envolvente de metacrilato e poliéster con porta.
- **Mesa de cobro:** Si presenta mesa de cobro
- **Extintores:** Segundo regulamentación.

Taboleiro de instrumentos

- **Tacógrafo dixital:** área de medición ata 125 km/h, 1 día e cambio de condutor
- **Indicador de presión de aceite do motor térmico e temperatura dos diferentes fluídos e compoñentes principais do vehículo:** A través da pantalla do cadro de mandos pódese acceder a 5 submenús, entre os que se encontra a función de DATOS DO MOTOR, nese menú pódese acceder aos datos de nivel de aceite, temperatura do aceite, presión do aceite, etc.

Ademais conta cos seguintes testigos luminosos (en amarelo ou vermello dependendo do nivel de alerta):

- Perda de líquido refrixerante

- Presión de reserva en circuítos de freo
- Presión insuficiente no circuítos de lubricación do motor
- Testigo de control de temperatura do aceite na caixa de cambios
- Termómetro de refrixerante
- **Interruptores de alumeado e servizos diversos:** Presenta os seguintes interruptores de alumeado e servizos diversos:
 - Interruptor de emerxencia
 - Mando combinado para intermitentes, luz de cruce, luz de estrada, limpiaparabrisas e bocina no lado esquerdo da columna de dirección.
 - Mando de activación do relentizador no lado dereito da columna de dirección
 - Luz larga e luz de día
 - Pantalla de 5" con 5 submenus: Configuración do vehículo, datos de servizo (datos do vehículo, datos da viaxe e datos do motor), diagnóse, proba de luces e mantemento.
 - Reloxes electrónicos (contarevolucións, velocímetro, dous manómetros (circuíto de frenos I e II), indicación de combustible).
- **Alarmas ópticas e acústicas e avisadores:** Presenta as seguintes alarmas:
 - Avaría en caixa de cambios
 - Avaría en motor
 - Avaría en suspensión
 - Presión de reserva en circuítos de freos, activación do freo de estacionamento
 - Freo de estacionamento
 - Indicador central de advertencia
 - Quentadores de arranque

- Avaría en ABS
- Avaría en ASR
- Control de cargas de baterías
- Portón de motor aberto
- Filtro de aire obstruído
- Antivaho de ventá dianteira
- Avaría na estrutura eléctrica multiplexada (MUX)
- Indicadores de dirección de intermitencia
- Trampilla de teito aberto
- Alarma acústica de marcha atrás
- **Mandos de portas situados á esquerda do condutor:** Non dispoñible para o cadro de mandos ofertados

Prazas

- **Nº de prazas sentadas:** 30 asentos
- **Nº de prazas de pé:** 50 prazas de persoas de pé
- **Marca e modelo de asentos así como se son tapizados ou non e as telas coas que se tapizarán, no seu caso:** 30 butacas Fainsa Metrópolis
- **Espazo reservado para cadeira de rodas e disposición deste:** Figura no plano un lugar para unha cadeira de rodas.

Climatización

- **Equipo de aire acondicionado, tamén, para o condutor:** Non figura na oferta
- **Marca e modelo e sistema de accionamento:** HISPACOLD 12NA. Non figura outra información na oferta.
- **Potencia do mesmo:** Non figura na oferta
- **Aire acondicionado zona de pasaxeiros:** Non figura na oferta

- **Marca, tipo do sistema de accionamento, características de caudal, compresor, evaporadores, consumo de enerxía, produción de frío, illamentos térmicos, lunas especiais atérmicas, rexillas difusoras:** Non figura na oferta
- **Renovación ambiental (claraboias opcionais e electrospiros reversibles):** Non figura na oferta
- **Calefacción e antivaho:** Non figura na oferta

OFERTA ECONÓMICA

MAN Truck & Bus Iberia, SA unipersonal presenta unha proposición económica de 508.350,00 € + IVE

GARANTÍAS

MAN Truck & Bus Iberia, SA unipersonal presenta as seguintes garantías para a carrozaría:

- Cinco anos para a corrosión da carrozaría.
- Cinco anos para a estrutura, aínda que MAN indica que a garantía é de CASTROSUA pero tamén indica que son dous anos de garantía.

Para os motores térmicos e demais compoñentes e subconxuntos: 3 anos ou 300.000 km..

Presenta doce anos de dispoñibilidade de recambios.

PRAZOS

MAN Truck & Bus Iberia, SA unipersonal indica que os vehículos serán entregados na primeira quincena de decembro de 2012, o que non supón ningún tipo de redución do prazo fixado no prego de condicións.

TALLERES LA CAMPIÑA, SL

A oferta técnica presentada por Talleres La Campiña, SL é a seguinte:

DATOS XERAIS DO VEHÍCULO

- **Lonxitude total:** 10,503 metros
- **Anchura total:** 2,55 metros

- **Altura máxima:** 3,076 metros
- **Voladizo anterior:** 2,705 metros
- **Voladizo posterior:** 3,400 metros
- **Ancho de vía anterior:** 2,101 metros
- **Ancho de vía posterior:** 1,834 metros
- **Distancia entre eixes:** 4,398 metros
- **Peso máximo autorizado en orde de marcha:** 18.745 kg
- **Tara:** 11.000 kg
- **Velocidade e pendentes superables en carga máxima:** Capacidade de superar as pendentes existentes na cidade de Santiago de Compostela sen ningún tipo de problema.

CADENA CINEMÁTICA E CONXUNTOS

Datos do motor térmico

- **Marca e modelo:** Mercedes Benz y OM 906 hLA, EURO V
- **Combustible:** Diésel
- **Sistema de aspiración:** sobrealimentado
- **Cilindrada e nº de cilindros:** 6,37 litros e 6 cilindros
- **Posición dos mesmos:** en liña
- **Relación de compresión:** 17,4:1
- **Potencia máxima:** 210 kw (285,6 CV)
- **Par máximo e nº de RPM:** 1.100 Nm a 1.200 rpm
- **Nº de correas e tipo:** dúas

Sistemas de alimentación e escape

- **Marca e tipo de sistema de inxección:** diésel de inxección directa marca Bosch

- **Porcentaxe de biocombustibles admitido:** Ata un 100%

Sistemas de refrixeración

- **Radiador:** É construído con tubos planos e láminas. Refrixeración por auga con suministro de auga regulado termostáticamente mediante unha bomba centrífuga.
- **Accionamento do ventilador:** con control progresivo a través do sistema electrónico do motor, con circuíto de aceite cerrado, motor hidráulico e bomba fixada ao motor.
- **Capacidade do circuíto de refrixeración:** Non figura a capacidade de circuíto de refrixeración pero indica que está dimensionado para circuíto urbano pesado.

Eixe dianteiro e equipo de dirección

- **Descrición do eixe dianteiro e conxuntos que monta:** Modelo ZF RL 75 EC. Suspensión independente no eixe anterior.
- **Equipo de dirección (marca e tipo de servodirección, relación de transmisión, variacións de axunte en inclinación e altura):** Tipo ZF8098 cunha desmultiplicación (variábel) de 17-20:1; tipo hidráulica.
- **Ángulos de viraxe de rodas, caída, avance, paralelismo e converxencia:** O ángulo de xiro de cada roda 53º/46º
- **Diámetro de volante e dirección:** O diámetro do volante e de 450 mm.
- **Radio de xiro exterior:** 8,622 metros
- **Radio de xiro interior:** 5,575 metros

Ponte posterior e grupo diferencial

- **Marca e tipo de eixe:** Eixe pórtico de piso baixo marca ZF tipo AV 132
- **Redución grupo cónico:** 37:19
- **Redución cubos de roda:** Redución de cubo de roda 3,19
- **Potencia tractora útil en eixe traseiro:** Non figura na oferta presentada

Rodas

- **Diámetro:** 275/70 R22,5
- **Nº de unidades:** 6 unidades
- **Tipo de llantas:** 7,5 x 22,5 con centrado polo punto medio
- **Descrición, tornillos:** Centrado polo punto medio

Sistema de suspensión

- **Tipo:** suspensión neumática integral, sistema de regulación electrónica de nivel de transmisión de valor de referencia en lugar das válvulas tradicionais de regulación de nivel.
- **Eixe dianteiro:** Suspensión independente con dos coxinetes de aire e 2 amortiguadores (marca CONTITECH, modelo 644 N P01), con barras estabilizadoras no eixe dianteiro.
- **Eixe traseiro:** 4 coxinetes de aire e 4 amortiguadores (marca CONTITECH, modelo 644 N P01), con barras estabilizadoras.
- **Sistemas de regulación:** Regulación electrónica ECAS, capaz de manter a altura do vehículo independentemente da carga. Incorpora kneeling.

Produción neumática do vehículo

- **Marca e tipo do compresor (capacidade, caudal, presión de servizo, accionamento e refrixeración):** Compresor de dous cilindros, accionamento mecánico directamente polo motor. Marca WABCO, con lubricación automática por aceite, refrixerado por auga e conectado ao circuíto de aceite do motor e ao circuíto de refrixeración. Ten un diámetro de 85 mm, unha carreira de 56 mm, unha cilindrada de 636 m³, 11,5 bares, accionado por roda dentada directa, refrixerado por auga con anticongelante, caudal de suministro por 940 l/min a 2.500 rpm
- **Nº de calderíns de reserva:** Presenta 4 calderíns aínda que non sinala se son de reserva ou non.
- **Detalle de circuítos neumáticos (presión, calidades de conducións, sistemas de purga, estanquidade e ausencia de fugas, grandientes de perdas, válvulas,**

etc.): Tubería en aceiro no comportamento do motor (entre o compresor de aire e o silenciador), tumbaga (entre o silenciador e o separador ciclónico), plástico (detrás do deshumectador de aire). Están dispostas de forma que se reduza ao mínimo as posibles vibracións.

- **Prestación de servizos. Descrición detallada dos mesmos:** Desenrolado nos puntos anteriores.

Freos

